

Resolución do 16 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais.

Consonte o establecido no artigo 33 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, modificada pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro, esta secretaría dispón a publicación do acordo que figura como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2008.

Xoán Antón Pérez-Lema López
Secretario xeral de Relacións Institucionais

ANEXO

Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei do Estado 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais.

A Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na súa reunión que tivo lugar o día 28 de decembro de 2007, adoptou o seguinte acordo:

1. De conformidade coas negociacións previas celebradas polo grupo de traballo constituído por acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do día 3 de xullo de 2007, para o estudo e proposta de solución das discrepancias suscitadas en relación co artigo 16.2º da Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, ambas as dúas partes consideran solventadas as discrepancias manifestadas, nos termos do seguinte acordo:

a) A Administración xeral do Estado comprométese a establecer criterios obxectivos que permitan delimitar o concepto técnico de continuidade ecolóxica previsto no artigo 16.2º da Lei 5/2007. Para estes efectos, o Goberno recollerá no desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2007 un precepto redactado nos seguintes termos:

«A existencia ou non de continuidade ecolóxica, para os efectos do artigo 16.2º da Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, determinarase, polo menos, conforme os seguintes criterios:

-Existencia apreciable de fractura xeolóxica ou xeomorfolóxica, tanto na tipoloxía dos materiais como na súa xéneses e dinámica.

-Diferenzas cuantificables nos valores dos parámetros físicos ambientais (profundidade, composición das augas, réxime mareal, turbidez, temperatura...).

-Sistemas naturais distintos e non pertencentes á mesma serie de evolución (progresiva ou regresiva).

-Diferentes especies mariñas caracterizadoras, independentemente da presenza de especies comúns xeneralistas de todo o medio mariño.

-Fluxos de enerxía e de materia, procesos ecolóxicos asociados, e cadeas tróficas de cada sistema independentes e non relacionadas.

-Non repercusión das actuacións ordinarias e das transformacións desenvolvidas (tipo desalgadoras, emisarios, diques, portos) nun sistema sobre os valores e procesos naturais do outro.»

b) A Administración xeral do Estado promoverá e garantirá a participación no procedemento de declaración dos parques nacionais mariños das comunidades autónomas afectadas. Para estes efectos, o Goberno comprométese a incluír no desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2007 un precepto redactado nos seguintes termos:

«No procedemento de declaración dun parque nacional sobre augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, cando o Ministerio de Medio Ambiente considere que o ecosistema protexido carece de continuidade ecolóxica coa parte terrestre ou a zona marítimo-terrestre situadas nunha comunidade autónoma, solicitará informe dos órganos competentes da dita comunidade autónoma verbo da concorrencia dos requisitos establecidos no artigo 16.2º da Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais.

No suposto de discrepancias entre o órgano competente da comunidade autónoma consultada e o Ministerio de Medio Ambiente verbo da falta de continuidade ecolóxica, este departamento constituirá un grupo de traballo con representantes das dúas administracións co fin de alcanzar un acordo ao respecto, no prazo máximo de 30 días. Transcorrido o dito prazo sen que se alcance o dito acordo, continuarase a tramitación conforme a disposición adicional cuarta da Lei 5/2007, do 3 de abril».

2. Que a ministra de Administracións Públicas lle comunique este acordo á presidenta do Tribunal Constitucional, para o seu coñecemento e efectos.

3. Publicar este acordo no BOE e no *Diario Oficial de Galicia*.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

Elena Salgado Méndez
Ministra de Administracións
Públicas

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade
e do Benestar